

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS, A CONSELLERÍA DE FACENDA E ENDESA GENERACIÓN, SA. DE REORDENACIÓN DO SISTEMA VIARIO DO NÚCLEO DAS PONTES PARA O CUMPRIMENTO DA CENTRAL TÉRMICA DA DIRECTIVA 2010/75/UE SOBRE EMISIÓN INDUSTRIAIS

En Ferrol a 06 de abril de 2017

REUNIDOS

Por unha parte, Ethel M^a Vázquez Mourelle, Presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, facultada para a formalización deste convenio polo Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas.

Por outra, Valeriano Martínez García, Conselleiro de Facenda, facultado para a formalización deste convenio polo Decreto 101/2014, de 1 de agosto polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda, modificado polo Decreto 164/2015, de 13 de novembro.

E doutra, D. Manuel Morán Casero, como Presidente do Consello de Administración e apoderado da Sociedade Endesa Generación SA, (en diante ENDESA) con CIF A-82434697 e domicilio social en Sevilla, Avenida da Borbolla, 5, según escritura de poderes outorgada o 3 de xullo de 2012, ante o Notario D. Francisco Javier Gardeazábal del Río, co número 1321 do seu protocolo xeral.

Recoñecéndose mutuamente ambas partes capacidade legal para o outorgamento deste acordo,

EXPOÑEN

Primeiro. Para posibilitar a explotación dos xacementos de lignito das Pontes, declarados de utilidade pública polo Decreto 1541/1972 e dar acceso á Central Térmica construída para queimar o carbón obtido dos mesmos, nos anos 70 se fixeron unha serie de actuacións en distintas estradas da zona cuxa titularidade correspondía inicialmente ao Ministerio de Obras Públicas e, posteriormente á Xunta de Galicia.

Na actualidade, concluída a extracción de lignito coa creación dun lago que ocupa o

oco mineiro produciuse un cambio importante no territorio e ábrese a vía para novos usos do chan no entorno.

Segundo. Por outro lado, para adaptar a Central Térmica de Carbón das Pontes, aos requirimentos da Directiva 2010/75/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de novembro, sobre emisións industriais (DEI), será necesario executar un importante investimento en instalacións de desnitrificación e desulfuración, investimento que permitiría prolongar a vida útil da instalación e manter a actividade nas Pontes mais ala do ano 2020.

A explotación das novas instalacións require o uso por ENDESA dos terreos polos que discorre o tramo da estrada AC-861, entre o p.q 26+670 (intersección AC-861 coa rúa Blanco Amor, excluindo a rotonda) e o p.q 27+550 (intersección da AC-861 coa rúa Alcalde José Vilaboy Pajón excluindo a rotonda). Este tramo está situado entre a Central Térmica e o río Eume, e o Ciclo Combinado de Gas, moi próximo ás instalacións da Central. A maior parte do tráfico que discorre por dito tramo está orixinado por accesos á propia central e como conexión coa Autovía Ferrol-Vilalba.

Terceiro. as circunstancias resumidas nos antecedentes anteriores, levaron a que a Xunta de Galicia, que apoia o investimento a realizar na Central das Pontes, e ENDESA acordaran contribuír na execución dun novo vial que sirva como circunvalación ao casco urbano das Pontes, separando a área industrial da residencial, mantendo ao mesmo tempo a conexión existente coa AG-64.

Cuarto. a Axencia Galega de Infraestruturas ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, a ordenación do territorio e a súa cohesión, de forma que se proporcione ás persoas usuarias unha rede eficaz, cómoda e segura en aras do fomento dun desenvolvemento harmónico. O Plan de Seguridade Vial de Galicia 2016-2020 ten como obxectivo estratéxico 2 a consecución de vías de tránsito e mobilidade mais seguras.

Quinto. A Axencia Galega de Infraestruturas atendendo ao interese xeral e tendo en conta os obxectivos que se definen no seu Estatuto, trata de favorecer a adaptación da central, sempre que se garante unha axeitada accesibilidade e mobilidade no

núcleo das Pontes.

Sexto. A Consellería de Facenda ten atribuídas pola Lei 5/2011, de 30 de setembro, de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, competencias en materia de patrimonio da Xunta de Galicia.

Sétimo. De acordo coa Lei 24/2013, do Sector Eléctrico e o RED 1955/200 que o desenvolve, a competencia para a aprobación do proxecto de transformación da Central corresponde ao Ministerio de Industria, remitindo – na fase de tramitación de dita autorización- separata do mesmo a calquera outra Administración pública afectada, para que se preste a súa conformidade ou oposición á aprobación solicitada. Entre ditas Administracións afectadas atópase a Axencia Galega de Infraestruturas, pola súa competencia en materia de estradas autonómicas. O convenio incluírase como parte da documentación do proxecto de transformación da central e das súas separatas.

Por todo o anterior, e de conformidade co exposto, ambas entidades subscriben o presente convenio establecendo ao efecto as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO.-

O obxecto deste convenio é establecer as bases para a colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas, a Consellería de Facenda e a entidade Endesa Generación SA para proxectar, tramitar e construír a reordenación do sistema viario do núcleo das Pontes para o cumprimento da central térmica, da Directiva 2010/75/UE sobre emisións industriais; e que constará de catro actuacións:

- 1.-A transformación do tramo da AC-861 que discorre entre a Central Térmica de Carbón e o Ciclo Combinado de Gas (entre o PQ 26+670 e o PQ 27+550), nunha vía de servizo con características de camiño público, regulado no artigo 3.2.b da Lei 8/2013 de estradas de Galicia que terá como función dar servizo á Central Térmica das Pontes, de forma transitoria ata que se produza a desafección e transmisión a Endesa conforme ao contemplado no punto 4 da presente estipulación.

2.-Construción dunha nova estrada de acceso ao núcleo das Pontes, dotándolle da axeitada accesibilidade motorizada, que queda minguada coa actuación recollida no punto 1, así como a reposición dos servizos afectados.

3.-Unha rede de sendas que garantan a mobilidade non motorizada, que se vería limitada coa transformación do tramo da AC-861 nunha vía de servizo para o servizo exclusivo da Central térmica das Pontes.

4.-A tramitación administrativa do procedemento que resulte aplicable para as transmisións de titularidade dos terreos afectados polas obras da nova estrada a prol da Xunta de Galicia e os terreos da actual AC-861, ppqq 26+670 a 27+550 a prol de Endesa, previa desafectación, de acordo co disposto nas cláusulas cuarta e quinta.

O custo total da actuación estímase en tres millóns oitocentos noventa e dous mil cincocentos corenta e seis euros (3.892.546 €), IVE engadido. Este importe inclúe o custo de expropiacións necesarias, execución das obras, modificados, revisións de prezos, liquidación de obra, os contratos accesorios para o control das obras e dos custes necesarios para a transmisión da titularidade dos terreos afectados.

SEGUNDA. COMPROMISOS DA ENTIDADE ENDESA GENERACIÓN SA

En virtude do presente convenio a entidade Endesa Generación SA comprométese a:

1.- Redactar e entregar á Axencia Galega de Infraestruturas o documento técnico onde se describan as obras a executar para a súa tramitación administrativa.

Os documentos redactaranse conforme ás indicacións e seguindo as directrices e supervisión da Axencia Galega de Infraestruturas, a quen corresponderá a aprobación dos estudos informativos, proxectos ou calquera outro documento técnico necesario.

O proxecto de variación da estrada será sometido aos trámites de información pública e informe das administracións afectadas, e unha vez aprobado definitivamente, terá a

consideración do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal conforme se determina no artigo 23 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas, contendo a estes efectos as seguintes determinacións

- A cualificación como infraestruturas públicas dos terreos da nova estrada acceso ao núcleo das Pontes.
- No ámbito do chan urbano comprendido entre ambas glorietas (entre o pq: 26+670 ao pq: 27+550), e regulado polas NNSS de Planeamento das Pontes, Ordenanza de uso industrial 2. Central Térmica e Novas Instalacións; eliminaranse as condicións de retranqueos en canto a non esixir distancias mínimas a peche de parcela.

2.- ENDESA comprométese a asumir o custo das obras de construción da nova estrada, así como das interseccións cos viais autonómicos ou municipais e a instalación e/ou reposición de servizos afectados, os contratos accesorios para o control e execución das obras, así como o custe dos terreos que non sexan propiedade de Endesa que sexa necesario adquirir para a súa execución. O custe da actuación estímase en **3.892.546 €**

Este compromiso materializarase de acordo co disposto na cláusula quinta do presente convenio.

Este compromiso alcanza os posibles modificados, revisións de prezos ou calquera outra incidencia que poida acontecer durante a execución das obras, non previstas no proxecto aprobado que, de superar o importe previsto na cláusula primeira porase en coñecemento da Comisión de Seguimento para a súa valoración. En todo caso o incremento dos importes recollidos no presente convenio será formalizado mediante a sinatura dunha addenda de conformidade coa cláusula novena.

3.- Poñer a disposición da Axencia Galega de Infraestruturas, ao amparo do disposto na lexislación civil, os terreos da súa propiedade afectados pola obra ao inicio da súa execución en tanto non se formalice a transmisión efectiva da titularidade de acordo co disposto no punto anterior.

4.- Asumir o custe da valoración económica dos terreos afectados polas obras de "Adaptación da mobilidade no núcleo das Pontes aos requirimentos da adecuación da central térmica aos criterios establecidos pola Directiva 2010/75/UE sobre emisións industriais", e dos terreos ocupados pola actual AC-861, pq: 26+670 a 27+550 de dominio público para os efectos descritos na cláusula quinta, que se realizará por algunha das entidades previstas no artigo 49 da Lei 5/2011, de patrimonio de Galicia.

A contratación dos servizos de taxación levarase a cabo pola Axencia Galega de Infraestruturas de acordo cos procedementos recollidos no Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público

5.- Facilitar toda a documentación que sexa requirida pola Consellería de Facenda para materializar a transmisión de titularidade de terreos que sexan da súa propiedade, que en todo caso deberán entregarse individualizados e correctamente inscritos no rexistro da propiedade.

6.- As obrigas económicas derivadas do procedemento administrativo aplicable para a transmisión da titularidade dos terreos afectados pola actuación concretaranse de acordo co disposto no último parágrafo da cláusula QUINTA.

7.- A medida que se vaian acreditando os gastos pertinentes polos conceptos anteriormente estipulados, Endesa deberá aboar na conta da Xunta de Galicia as cantidades que se lle soliciten no prazo de 30 días desde a comunicación efectuada.

TERCEIRA. COMPROMISOS DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

A Axencia Galega de Infraestruturas en virtude do presente convenio comprométese a:

- 1.- Tramitar, supervisar e aprobar o documento técnico que contemple as obras.
- 2.- Tramitar o procedemento expropiatorio no caso de que no proxecto aprobado resulten terreos afectados de terceiros.
- 3.- Licitat e adxudicar as obras así como os contratos accesorios para o control da

obra.

O financiamento das obras levarase a cabo coas cantidades entregadas por ENDESA a prol da Xunta de Galicia.

Para responder dos compromisos adquiridos, ENDESA entregará aval bancario a prol da Xunta de Galicia por dito importe de 3.892.546 €.

A Axencia Galega de Infraestruturas comunicará a Endesa de forma gradual os gastos nos que incorrese para que se proceda ao seu abono no prazo de 30 días desde a referida comunicación.

O importe exacto da cantidade a satisfacer por Endesa determinarase á finalización das obras. Nese caso, si o custo de execución da obra fose inferior á cantidade entregada a conta, a Axencia Galega de Infraestruturas reintegrará a Endesa o sobrante nun prazo non superior a 3 meses desde o remate das obras.

No caso de que durante a execución das obras xurdan dificultades cuxa solución supoña un incremento do orzamento inicialmente establecido, a dirección da obra porao en coñecemento da Comisión de Seguimento para a súa valoración e proposta de resolución.

4.- Levar a cabo as actuacións necesarias para transformar o tramo afectado da estrada AC-861 nun camiño de servizo que posteriormente se desafectará conforme ao previsto na seguinte cláusula cuarta, tralo que se transmitirá a Endesa, conforme se determina na mesma cláusula cuarta e quinta.

5.- A Axencia Galega de Infraestruturas e Endesa comprométense a coordinar as obras, tanto do novo acceso as Pontes, como da conversión en vía de servizo do tramo que queda en desuso da AC-861, como as obras que execute Endesa para a construción das instalacións de desnitrificación e desulfuración. A tal efecto ambas partes facilitarán os accesos e desvíos necesarios para executar as tres actuacións no prazo mais curto posible. En calquera caso e, dado que as obras que Endesa necesita levar a cabo na central non poden atrasarse, a Axencia Galega de Infraestruturas axilizará ao máximo a autorización para a realización de cortes temporais dese tramo

da estrada cando sexa necesario para o desenvolvemento dos traballos, a petición de Endesa e, sen prexuízo de que esta sociedade deba obter para elo outras autorizacións igualmente pertinentes (autoridades de Tráfico, concello, etc.)

CUARTA.-COMPROMISOS DA CONSELLERÍA DE FACENDA

A Consellería de Facenda, en virtude das competencias que ten atribuídas en materia patrimonial, comprométese a levar a cabo os trámites necesarios para materializar as correspondentes transferencias de titularidade dos terreos afectados polas obras e os da actual estrada AC-861 pq: 26+670 a 27+550, que se desafectarán.

As obrigas da Consellería de Facenda determináranse de acordo co disposto na cláusula quinta.

QUINTA.- TRAMITACIÓN ADMINISTRATIVA PATRIMONIAL

Correspóndelle á Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas e a Consellería de Facenda a tramitación administrativa do procedemento que resulte aplicable dos que se especifican a continuación, para a obtención dos terreos necesarios para cada unha das partes implicadas, necesarios para a execución das obras;

a) permuta dos terreos propiedade de Endesa afectados polo trazado da actuación "Adaptación da mobilidade no núcleo das Pontes aos requirimentos da adecuación da central térmica aos criterios establecidos pola Directiva 2010/75/UE sobre emisión industriais" polos terreos que ocupa a estrada AC-861, pq: 26+670 a pq: 27+550, cos requisitos e según o procedemento para a permuta de bens e dereitos previsto no artigo 81 da Lei 5/2011, de 30 de setembro, do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, en todo caso previa taxación en que se constate que o valor duns e outros non é superior ao 50 % dos que o teñan maior. En todo caso Endesa abonará as cantidades que resulten polo exceso que puidera ter a valoración dos terreos das obras do trazado da actuación descrita.

b) A expropiación dos terreos propiedade de Endesa afectados pola actuación. Unha vez finalizadas as obras, a Consellería de Facenda realizará, de ser o caso,

os trámites necesarios para a aplicación do disposto no artigo 77.d) da Lei 5/2011, de 30 de setembro, de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia. Neste caso Endesa renuncia ao cobro do xustiprezo que lle corresponda da valoración dos seus bens.

O tramo da estrada AC- 861, Pk 26+670 ao 27+550, non se atopa inscrita no Rexistro da Propiedade, circunstancia que non imposibilita a conclusión dos procedementos sinalados e que Endesa acepta expresamente.

Con anterioridade ao 1 de xuño de 2017, as partes comprométense a convocar unha reunión da comisión de seguimento para propoñer unha addenda ao presente convenio na que se detallen os procedementos concretos para a regularización das novas titularidades dos terreos.

SEXTA.- COMPROMISOS ECONÓMICOS

A achega económica de ENDESA ascende ao importe recollido no último parágrafo da cláusula primeira. Para isto Endesa entregará un aval bancario a prol da Xunta de Galicia no prazo de 30 días dende que sexa solicitado pola Axencia Galega de Infraestruturas.

O ingreso efectivo producirase na conta da Xunta de Galicia que a Axencia Galega de Infraestruturas facilitará a Endesa de forma progresiva en función do grao de execución dos distintos traballos a desenvolver en virtude deste convenio.

A tal efecto a Axencia Galega de Infraestruturas comunicará a Endesa de forma gradual os gastos nos que incorrese para que se proceda ao seu abono no prazo de 30 días desde a referida comunicación.

Polo que se refire aos aspectos económicos derivados da tramitación administrativa que se recolle na cláusula quinta, e unha vez que o procedemento este mais avanzado e permita ter os datos e valoracións pertinentes, reunirase a comisión de seguimento para establecer o sistema aplicable para formalizar a transmisión patrimonial. Así mesmo, establecerase o montante ao que ascende a cantidade que, no seu caso deba abonar ENDESA a prol da Xunta ou, no caso de que ese montante resulte a favor de

ENDESA, esta renunciará ao cobro do mesmo. En ambos casos e, unha vez que a comisión acoute todos estes extremos, tramitarase a correspondente addenda ao convenio onde se recollerá o acordado pola comisión.

SÉTIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase unha comisión de seguimento formada por dous representantes da Axencia Galega de Infraestruturas, dous representantes da Consellería de Facenda e dous representantes de ENDESA.

As funcións serán entre outras:

- Impulsar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos técnicos obxecto deste, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do presente convenio.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio.

OITAVA. NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio ten natureza xurídica administrativa e será de aplicación o disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e rexe na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso- administrativa.

O desenvolvemento dos compromisos, obrigas e demais actuacións contidas no presente convenio rexese polas súas cláusulas.

NOVENA.-MODIFICACIÓNS DO CONVENIO

As modificacións formalizaranse mediante addenda cos mesmos requisitos e condicións necesarios que para a aprobación do convenio, salvo aquelas modificacións de carácter técnico aprobadas polo órgano de contratación de acordo coa normativa de contratos administrativos que non impliquen a superación do importe máximo previsto na cláusula primeira do convenio.

DÉCIMA. INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTOS

1.- As dúbidas que se presenten na interpretación, en caso de discrepancias, serán resoltas, pola Comisión de Seguimento.

2.- Serán causas de extinción deste convenio:

- Falta de cumprimento do seu obxecto,
- A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas do presente convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grado a falta de consecución dos fins propios do convenio ou impidan de forma directa o indirecta as actuacións previstas no presente convenio.
- Denuncia por causas de interese público, a instancia de calquera das partes.

En caso de incumprimento por parte de ENDESA, unha vez iniciadas por parte de Endesa Generación as obras previstas no "Proxecto de execución de instalación de sistemas de desulfuración dos gases de combustión na unidade de produción térmica das Pontes", e que afecten á estrada AC-861 no tramo que discorre entre a Central Térmica de Carbón e o Ciclo Combinado de Gas (entre o PQ: 26+670 e o PQ:27+550); a Axencia Galega de Infraestruturas executará as obras para o novo acceso as Pontes previstas neste convenio, para as que poderá executar o aval bancario.

Cada unha das situacións descritas por si sola é causa suficiente de rescisión do convenio.

UNDÉCIMA. PUBLICIDADE

De conformidade co establecido no artigo 8.1 b) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e no artigo 15 da lei galega 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Axencia Galega de Infraestruturas fará pública a información prevista en materia de transparencia, constituíndo a sinatura deste convenio a autorización necesaria para a publicación dos datos relativos a aquel.

DUODÉCIMA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio terá efecto a partir da data da súa sinatura . A vixencia manterase ata a entrega das obras no prazo sinalado no documento técnico ou no que, por motivos debidamente xustificados, poidan acordar as partes e se produzan as transmisións duns e doutros terreos. A ampliación dos prazos realizarase previa solicitude a través da Comisión de Seguimento citada na cláusula quinta.

En todo caso, a efectos económicos, a eficacia do presente convenio prolongarase ata o 31 de decembro de 2019; non obstante, seguirá tendo efectos en tanto en canto non se liquiden as obrigas que puideran quedar pendentes.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado someténdose as partes ao acordado en todas as estipulacións.

Así o outorgan no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por triplicado exemplar.

A presidenta da Axencia Galega de
Infraestruturas

O Conselleiro de Facenda

Ethel M^a Vázquez Mourelle
Presidente do Consello de
Administración e apoderado da
Sociedade Endesa Generación SA,

Valeriano Martínez García

Manuel Morán Casero